

**PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN E
ACTUACIÓN FRONTE AO ACOSO
SEXUAL, O ACOSO POR RAZÓN DE
SEXO E OUTRAS CONDUTAS
CONTRARIAS Á LIBERDADE SEXUAL E
A INTEGRIDADE MORAL NO ÁMBITO
LABORAL.**

ÍNDICE

1. COMPROMISO DE MAOS INNOVACIÓN SOCIAL, S. COOP. GALEGA NA XESTIÓN DA PREVENCIÓN E ERRADICACIÓN DO ACOSO SEXUAL, O ACOSO POR RAZÓN DE SEXO E OUTRAS CONDUTAS CONTRARIAS Á LIBERDADE SEXUAL E A INTEGRIDADE MORAL NO TRABALLO

2. CARACTERÍSTICAS E ETAPAS DO PROTOCOLO

2.1. A TUTELA PREVENTIVA

2.1.1. Declaración de principios: Tolerancia cero perante condutas constitutivas de acoso sexual, acoso por razón de sexo e calquera outras condutas contrarias á liberdade sexual e a integridade moral

2.1.2. Identificación de condutas

2.1.2.1. Definición e condutas constitutivas de acoso sexual

2.1.2.2. Definición e condutas constitutivas de acoso por razón de sexo

2.1.2.3. Violencia no ámbito dixital

2.1.2.4. Condutas delitivas contrarias á liberdade sexual e á integridade moral

2.2. O PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN

2.2.1. Presentación da denuncia ou reclamación, activación do protocolo e tramitación do expediente administrativo

2.2.2. A resolución do expediente

2.2.3. Seguimento

3. DURACIÓN, OBRIGATORIEDADE DE CUMPRIMENTO E ENTRADA EN VIGOR

ANEXOS

- **ANEXO I:** MODELO DE DENUNCIA OU RECLAMACIÓN

- **ANEXO II:** Transición da regulación vixente dos delitos contra a liberdade sexual recollidos no Título VIII Do Código Penal.

1. COMPROMISO DE MAOS INNOVACIÓN SOCIAL, S. COOP. GALEGA NA XESTIÓN DA PREVENCIÓN E ERRADICACIÓN DO ACOSO SEXUAL, O ACOSO POR RAZÓN DE SEXO E OUTRAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á LIBERDADE SEXUAL E A INTEGRIDADE MORAL NO TRABALLO.

Con este protocolo, Maos Innovación Social, S. Coop. Galega (en diante, Maos) manifesta a súa tolerancia cero ante a concorrencia en toda a súa organización de condutas constitutivas de acoso sexual, acoso por razón de sexo ou contrarias á liberdade sexual e á integridade moral.

Ao adoptar este protocolo, Maos quere subliñar o seu compromiso coa prevención e actuación fronte a estas condutas, informando da súa aplicación a todas as persoas que prestan servizos na súa organización, foren persoal propio ou procedente doutras empresas, incluídas as persoas que, non tendo unha relación laboral, prestan servizos ou colaboran coa organización, tales como persoas en formación, as que realizan prácticas non laborais ou aquelas que realizan voluntariado.

Do mesmo xeito, Maos asume o compromiso de dar a coñecer a existencia deste protocolo, con indicación da necesidade do seu cumprimento estrito, ás empresas ás que desprace o seu propio persoal, así como ás empresas das que procede o persoal que traballa en Maos. Así, a obriga de observar o disposto neste protocolo farase constar nos contratos subscritos con outras empresas.

Cando a presunta persoa acosadora ficara fóra do poder da dirección da empresa e, por tanto, Maos non poida aplicar o procedemento na súa totalidade, dirixirse á empresa competente co obxectivo de que solucione o problema e, no seu caso, sancione a persoa responsábel, advertíndolle que, de non o facer, a relación mercantil que une ambas as empresas poderá extinguirse.

O protocolo será de aplicación ás situacións de acoso sexual, acoso por razón de sexo e outras condutas contrarias á liberdade sexual e á integridade moral que se produzan durante o traballo, en relación co traballo ou como resultado do mesmo:

- a) no lugar de traballo, inclusive nos espazos públicos e privados cando son un lugar de traballo;
- b) nos lugares onde se paga á persoa traballadora, onde esta fai o seu descanso ou onde come, ou nos que utiliza instalacións sanitarias ou de aseo e nos vestiarios;
- c) nos desprazamentos, viaxes, eventos ou actividades sociais ou de formación relacionados co traballo;
- d) no marco das comunicacións que estean relacionadas co traballo, incluídas as realizadas por medio de tecnoloxías da información e da comunicación (acoso dixital, virtual ou ciberacoso);
- e) no aloxamento fornecido pola persoa contratante;
- f) nos traxectos entre o domicilio e o lugar de traballo.

Este protocolo implántase en coherencia co Acordo marco europeo sobre o acoso e a violencia no lugar de traballo e cumpre o exixido no Convenio número 190 OIT sobre a eliminación da violencia e o acoso no mundo do traballo; artigo 48 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; o artigo 12 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual; o Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro e se modifica o Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e o artigo 14 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais.

Para estes efectos, Maos ao comprometerse coas medidas que conforman este protocolo, manifesta e publicita a súa vontade expresa de adoptar unha actitude proactiva tanto na prevención destas condutas – sensibilización e información de comportamentos non tolerados pola empresa – como na difusión de boas prácticas e implantación de cantas medidas foren precisas para xestionar as denuncias ou reclamacións que a este respecto poidan ser propostas, así como para resolver segundo proceda en cada caso.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2023

2. CARACTERÍSTICAS E ETAPAS DO PROTOCOLO

Coa finalidade de dar cumprimento ao compromiso co que se inicia este protocolo e nos termos expostos até o momento, Maos implanta un procedemento de prevención e actuación fronte ao acoso sexual, acoso por razón de sexo, así como calquera outras condutas contrarias á liberdade sexual e a integridade moral, coa intención de establecer un mecanismo que fixe como actuar de maneira integral e efectiva ante calquera destas condutas. Para iso, este protocolo reúne os tres tipos de medidas establecidos no apartado 7 do Anexo do RD 901/2020, do 13 de outubro:

1. Medidas preventivas, con declaración de principios e identificación de condutas que puidesen ser constitutivas de acoso sexual, acoso por razón de sexo ou contrarias á liberdade sexual e á integridade moral.
2. Medidas proactivas ou procedementais de actuación fronte ás referidas condutas para dar solución ás denuncias ou reclamacións que puidesen producirse e medidas cautelares e/ou correctivas aplicables.
3. Identificación de medidas reactivas en función do concluído e, no seu caso, o réxime disciplinario.

2.1. A TUTELA PREVENTIVA

2.1.1. Declaración de principios: Tolerancia cero ante condutas constitutivas de acoso sexual, acoso por razón de sexo e calquera outras condutas contrarias á liberdade sexual e á integridade moral

Maos formaliza a seguinte declaración de principios, no sentido de subliñar como deben ser as relacións entre as persoas da empresa e as condutas que non son tolerábeis na organización.

Este protocolo é de aplicación a todo comportamento constitutivo de acoso sexual, acoso por razón de sexo -incluídos os cometidos no ámbito dixital- ademais de calquera outras condutas contrarias á liberdade sexual e á integridade moral que poidan manifestarse en Maos.

Maos, ao implantar este procedemento, asume o seu compromiso de previr, non

tolerar, combater e perseguir calquera manifestación destas condutas na súa organización.

O acoso é, por definición, un acto pluriofensivo que afecta varios intereses xurídicos entre os que destaca a dignidade da persoa traballadora como positivización do dereito á vida e á integridade física, psíquica e moral. A afectación á dignidade, con todo, non impide que un acto destas características poida xerar igualmente un dano a outros intereses xurídicos distintos tales como, a igualdade e a prohibición de discriminación, a honra, a propia imaxe, a intimidade, a saúde etc. mais aínda e con iso será sempre por definición contrario á dignidade. O acoso sexual e o acoso por razón de sexo xera ademais de ser sempre unha afectación á dignidade de quen o sofre e é constitutivo de discriminación por razón de sexo.

No ámbito de Maos non se permitirán nin tolerarán condutas que poidan ser constitutivas de acoso sexual e/ou acoso por razón de sexo en calquera das súas manifestacións nin tampouco calquera outro comportamento contrario á liberdade sexual e a integridade moral. A empresa sancionará tanto a quen incorra nunha conduta ofensiva como a quen a promova, fomente e/ou tolere. Todo o persoal da empresa ten a obriga de respectar os dereitos fundamentais de todas as persoas que conformamos Maos, así como daquelas persoas que presten servizos nela, en especial, absteranse de ter comportamentos que resulten contrarios á dignidade, intimidade e ao principio de igualdade e non discriminación, promovendo sempre condutas respectuosas.

Non obstante o anterior, de entender que está a ser acosada ou de ter coñecemento dunha situación de acoso sexual ou por razón de sexo, calquera traballador ou traballadora disporá da posibilidade de, mediante denuncia ou reclamación, activar este protocolo como procedemento interno, confidencial e rápido en aras á súa erradicación e reparación de efectos.

Instruído o correspondente expediente informativo, de confirmarse a concorrencia de calquera das condutas referidas Maos sancionará a quen corresponda, comprometéndose a usar todo o seu poder de dirección e sancionador para garantir un ambiente de traballo adecuado aos principios de seguridade e saúde no traballo e libre de violencia sexual e de condutas discriminatorias sexistas.

2.1.2. Identificación de conductas

2.1.2.1. Definición e condutas constitutivas de acoso sexual

De acordo co art. 7.1 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e sen prexuízo do establecido no Código penal, para os efectos dun protocolo, constitúe acoso sexual calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, degradante ou ofensivo.

Todo acoso sexual considerárase discriminatorio.

O condicionamento dun dereito ou dunha expectativa de dereito á aceptación dunha situación constitutiva de acoso sexual ou de acoso por razón de sexo considerárase tamén acto de discriminación por razón de sexo.

Como exemplo e sen ánimo excluínte nin limitativo, poderían ser constitutivas de acoso sexual as condutas que se describen a seguir:

Condutas verbais:

Exemplos de condutas verbais constitutivas de acoso sexual son, entre outros, e analizados en cada caso en particular, supostos de insinuacións sexuais molestas, proposicións ou presión para a actividade sexual; flirtear de xeito ofensivo; comentarios insinuantes, indirectas ou comentarios obscenos; chamadas telefónicas ou contactos por redes sociais indesexados; bromas ou comentarios sobre a aparencia sexual.

Condutas non verbais:

Exhibición de fotos sexualmente suxestivas ou pornográficas, de obxectos ou escritos, miradas impúdicas, xestos; cartas ou mensaxes de correo electrónico ou en redes sociais de carácter ofensivo e con claro contido sexual.

Comportamentos físicos:

Contacto físico deliberado e non solicitado, apertas ou beixos non desexados, aproximacións físicas excesivas e innecesarias.

Acoso sexual “quid pro quo” ou chantaxe sexual:

Entre os comportamentos constitutivos de acoso sexual pode diferenciarse o acoso sexual “quid pro quo” ou chantaxe sexual que consiste en forzar á vítima para elixir entre someterse aos requirimentos sexuais, ou perder ou ver prexudicados certos beneficios ou condicións de traballo, que afecten o acceso á formación profesional, ao emprego continuado, á promoción, á retribución ou a calquera outra decisión en relación con esta materia. Na medida que supón un abuso de autoridade, o seu suxeito activo será aquel que teña poder, sexa directa ou indirectamente, para proporcionar ou retirar un beneficio ou condición de traballo.

Acoso sexual ambiental:

Neste tipo de acoso sexual a persoa acosadora crea un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo para a vítima, como consecuencia de actitudes e comportamentos indesexados de natureza sexual. Pode ser realizado por calquera membro da empresa, con independencia da súa posición ou status, ou por terceiras persoas situadas dalgún modo no ambiente de traballo.

2.1.2.2. Definición e conductas constitutivas de acoso por razón de sexo

Definición de acoso por razón de sexo:

Constitúe acoso por razón de sexo calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un ambiente intimidatorio, degradante ou ofensivo.

Todo acoso por razón de sexo considerarase discriminatorio.

Para apreciar que efectivamente nunha realidade concreta concorre unha situación cualificábel de acoso por razón de sexo, requírese a concorrencia dunha serie de elementos conformadores dun común denominador, entre os que destacan:

- a) Frustración, entendendo como tal toda conduta intimidatoria, degradante, humillante e ofensiva que se orixina externamente e que é percibida como tal por quen a sofre.
- b) Atentado obxectivo á dignidade da vítima e percibido subxectivamente por esta como tal.
- c) Resultado pluriofensivo. O ataque á dignidade de quen sofre acoso por razón de sexo non impide a concorrencia de dano a outros dereitos fundamentais da vítima, tales como o dereito a non sufrir unha discriminación, un atentado á saúde psíquica e física etc.
- d) Que non se trate dun feito illado.
- e) O motivo destes comportamentos debe ter que ver co feito de ser mulleres ou por circunstancias que bioloxicamente só poden afectarlles a elas (embarazo, maternidade, lactación natural); ou que teñen que ver coas funcións reprodutivas e de coidados que como consecuencia da discriminación social se lle presumen inherentes a elas. Neste sentido, o acoso por razón de sexo tamén pode ser sufrido polos homes cando estes exercen funcións, tarefas ou actividades relacionadas co rol que historicamente se atribuíu ás mulleres, por exemplo, un traballador home ao que se acosa por dedicarse ao coidado de menores ou dependentes.

O condicionamento dun dereito ou dunha expectativa de dereito á aceptación dunha situación constitutiva de acoso por razón de sexo considerarase tamén acto de discriminación por razón de sexo.

O acoso por razón de sexo pode levalo a cabo tanto superiores xerárquicos, como compañeiros ou compañeiras ou inferiores xerárquicos, ten como causa os estereotipos e roles de xénero e, habitualmente, ten por obxecto desprezar as persoas dun sexo pola mera pertenza ao mesmo, especialmente ás mulleres, minusvalorar as súas capacidades, as súas competencias técnicas e destrezas.

Conduas constitutivas de acoso por razón de sexo:

Como exemplo, e sen ánimo excluínente ou limitativo, as que seguen son unha serie de condutas concretas que, cumprindo os requisitos postos de manifesto no

punto anterior, poderían chegar a constituír acoso por razón de sexo no traballo de producirse de maneira reiterada.

Ataques con medidas organizativas:

1. Xulgar o desempeño da persoa de maneira ofensiva, ocultar os seus esforzos e habilidades.
2. Pór en cuestión e desautorizar as decisións da persoa.
3. Non atribuír ningunha tarefa ou atribuír tarefas sen sentido ou degradantes.
4. Negar ou ocultar os medios para realizar o traballo ou facilitar datos erróneos.
5. Atribuír traballos moi superiores ou moi inferiores ás competencias ou cualificacións da persoa, ou que requiran unha cualificación moito menor da posuída.
6. Ordes contraditorias ou imposibles de cumprir.
7. Roubo de pertenzas, documentos, ferramentas de traballo, eliminar arquivos do computador, manipular as ferramentas de traballo causándolle un prexuízo etc.
8. Ameazas ou presións ás persoas que apoian á persoa acosada.
9. Manipulación, ocultación, devolución da correspondencia, as chamadas, os mensaxes etc., da persoa.
10. Negación ou dificultades para o acceso a permisos, cursos, actividades etc.

Actuacións que pretenden illar a súa destinataria:

1. Mudar a localización da persoa separándoa dos seus compañeiros/as (illamento).
2. Ignorar a presenza da persoa.
3. Non dirixir a palabra á persoa.
4. Restringir a compañeiros/os a posibilidade de falar coa persoa.

5. Non permitir que a persoa se exprese.
6. Evitar todo contacto visual coa persoa.
7. Eliminar ou restrinxir os medios de comunicación dispoñíbeis para a persoa (teléfono, correo electrónico etc.).

Actuacións que afectan a saúde física ou psíquica da vítima:

1. Ameazas e agresións físicas.
2. Ameazas verbais ou por escrito.
3. Berros e/ou insultos.
4. Chamadas telefónicas atemorizadoras.
5. Provocar á persoa, obrigándoa a reaccionar emocionalmente.
6. Evitar todo contacto visual coa persoa.
7. Eliminar ou restrinxir os medios de comunicación dispoñíbeis para a persoa (teléfono, correo electrónico etc.).

Ataques á vida privada e á reputación persoal ou profesional:

1. Manipular a reputación persoal ou profesional a través do rumor, a denigración e a ridiculización.
2. Dar a entender que a persoa ten problemas psicolóxicos, tentar que se someta a un exame ou diagnóstico psiquiátrico.
3. Burlas dos xestos, a voz, a aparencia física, discapacidades, alcumar etc.
4. Críticas á nacionalidade, actitudes e crenzas políticas ou relixiosas, vida privada etc.

2.1.2.3. Definición e conductas constitutivas de acoso por razón de sexo.

Cando as condutas ás que se refire este Protocolo se produzan por medio do uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a través da internet, o teléfono e as redes sociais (non é necesario que persoa agresora e vítima teñan un contacto físico presencial), estaremos ante condutas de violencia dixital ou ciberviolencia.

A Estratexia Estatal para combater as violencias machistas 2022–2025, a partir das recomendacións do primeiro informe de avaliación do Grupo de Expertas na Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica (GREVIO) de novembro de 2021, recolle que debe terse en conta tres dimensións específicas da violencia dixital: o acoso en liña e facilitado pola tecnoloxía, o acoso sexual en liña, e a dimensión dixital da violencia psicolóxica, cada unha coas seguintes implicacións:

Acoso en liña e facilitado pola tecnoloxía					
Ameaza (sexual, económica, física ou psicolóxica)	Dano á reputación	Seguimento e recompilación de información privada (spyware) (1)	Suplantación de identidade	Solicitud de sexo	Acoso con cómplices para illala

Acoso sexual en liña				
Ameaza ou difusión non consentida de imaxes ou vídeos (porno vinganza)	Toma, produción ou captación non consentida de imaxes ou vídeos íntimos (2)	Explotación, coacción e ameazas (sexting, sextorsión, ameaza de violación, doxing (3), outing (4))	Bullying sexualizado (5)	Ciberflashing (6)

(1) Spyware é un software que ten ese obxectivo.

(2) Inclúe os actos de “upskirting” (ou “baixo saia”) e a toma de “creepshots” (foto roubada e sexualizada) e a produción de imaxes alteradas dixitalmente nas que o rostro ou o corpo dunha persoa se superpón (“pornografía falsa”) utilizando intelixencia artificial.

- (3) Revelar información persoal ou a identidade.
- (4) Revelar a orientación sexual.
- (5) Rumores, publicación de comentarios sexualizados, suplantación da identidade, intercambio de contidos sexuais ou do acoso sexual a outras persoas, afectando así a súa reputación e/ou ao seu medio de vida.
- (6) Envío de imaxes sexuais non solicitadas a través de aplicacións de citas ou de mensaxería, textos, ou utilizando tecnoloxías Airdrop ou Bluetooth.

Dimensión dixital da violencia psicolóxica					
Todas las formas teñen un impacto psicolóxico	Actos individuais non tipificados como delito ao combinarse coa mentalidade de masa e repetición	Discurso de odio sexista	Intimidación, ameaza ás vítimas ou á súa familia, insultos, vergoña e difamación	Incitación ao suicidio ou á autolesión	Abuso económico (7)

(7) Operacións bancarias pola Internet, deterioro da cualificación crediticia da vítima mediante o uso de tarxetas sen permiso, ou contratos financeiros sen consentimento.

* Tal e como sinala esa recomendación, adoita consistir na táctica de vixiar ou espiar a vítima, nas súas distintas redes sociais ou plataformas de mensaxería, os seus correos electrónicos e o seu teléfono, roubando contrasinais ou crackeando ou hackeando os seus dispositivos para acceder aos seus espazos privados, mediante a instalación de programas espías ou aplicacións de xeolocalización, ou mediante o roubo dos seus dispositivos. As persoas agresoras tamén poden asumir a identidade da outra persoa ou vixiar a vítima a través de dispositivos tecnolóxicos conectados a través da Internet das Cousas, como os electrodomésticos intelixentes.

2.1.2.4. Conduitas delitivas contrarias á liberdade sexual e á integridade moral

O art.12 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual establece que todas as empresas deben promover condicións de traballo que eviten a comisión de delitos e outras condutas contra a liberdade sexual e a integridade moral no traballo.

Para os efectos deste protocolo, é necesario matizar que cando os indicios da conduta denunciada sexan constitutivos de delito, a empresa adoptará inmediatamente as medidas cautelares necesarias para protexer a vítima da persoa agresora e dará traslado urxente ao Ministerio Fiscal.

Entre as condutas delitivas aquí relevantes convén diferenciar entre as contrarias á integridade moral e as que o son á liberdade sexual.

Polo que se refire ao primeiro, **delitos contra a integridade moral**, hai que estar ao art.173 do Código Penal, que tipifica que: "O que inflixise a outra persoa un trato degradante, menoscabando gravemente a súa integridade moral, será castigado con pena de prisión de seis meses a dous anos....Coa mesma pena serán castigados os que, no ámbito de calquera relación laboral ou funcionarial e valéndose da súa relación de superioridade, realicen contra outro de forma reiterada actos hostís ou humillantes que, sen chegar a constituír trato degradante, supoñan grave acoso contra a vítima....*As mesmas penas imporanse a quen se dirixa a outra persoa con expresións, comportamentos ou proposicións de carácter sexual que creen á vítima unha situación obxectivamente humillante, hostil ou intimidatoria, sen chegar a constituír outros delitos de maior gravidade*".

Polo que ten que ver co segundo, é dicir, **delitos contra a liberdade sexual**, do Título VIII do Código Penal, hai que diferenciar **entre**:


- a) CAPÍTULO I. Das agresións sexuais (art.178, art.179, art.180).
- b) CAPÍTULO II. Das agresións sexuais a menores de dezaseis anos (art.181, art.182, art.183, art.183 bis).
- c) CAPÍTULO III. Do acoso sexual, (art.184).
- d) CAPÍTULO IV. Dos delitos de exhibicionismo e provocación sexual (art.185, art.186).

- e) CAPÍTULO V. Dos delitos relativos á prostitución e á explotación sexual e corrupción de menores (art.187, art.188; art.189; art.189 bis; art.189 ter).

A descrición dos tipos delitivos encóntrase recollida no Anexo II deste Protocolo.

2.2. O PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN

De xeito esquemático, as fases e prazos máximos para levar a cabo o procedemento de actuación son os seguintes:



O procedemento a seguir será o seguinte:

2.2.1. Presentación da denuncia ou reclamación, activación do protocolo e tramitación do expediente administrativo

1º) Maos designa a Xiana Iglesias Villaverde, vicepresidenta da cooperativa, como persoa instrutora para que tramite calquera denuncia ou reclamación que se reciba por acoso sexual, acoso por razón de sexo –incluídos os cometidos no ámbito dixital– ou calquera outro comportamento contrario á liberdade sexual e á integridade moral, e para que a investigue e realice o seu seguimento. En caso de ausencia por vacacións, doenza ou calquera outra causa legal, actuará de suplente Zaira Caamaño Remuiñán, secretaria da cooperativa. Para os efectos oportunos informarase a todas as persoas que prestan servizos na organización desa designación e expresarase de xeito claro e conciso como se lle poden facer chegar esas denuncias ou reclamacións.

2º) A denuncia poderá presentala a persoa que se sinta acosada ou sufrira algunha destas condutas ou quen teña coñecemento desta situación.

3º) A caixa de correo electrónico no que se poden presentar as denuncias ou reclamacións destas condutas é **apoio@maos.gal**. Só a persoa designada para tramitar o protocolo terá acceso aos correos que para eses efectos se remitan.

4º) As denuncias ou reclamacións igualmente poderán presentarse en papel e nun sobre pechado. Para eses efectos a caixa de correo na que se poidan depositar esas denuncias ou reclamacións está localizada no enderezo principal da oficina da cooperativa.

5º) Deberá garantirse a confidencialidade calquera que sexa a forma en que se tramiten as denuncias. Recibida unha denuncia,

a persoa encargada de tramitala dará un código numérico a cada unha das partes afectadas.

6º) Unha vez recibida, no prazo máximo de 2 días laborábeis, activarase o procedemento para a súa tramitación. Calquera denuncia ou reclamación que se expoña terá presunción de veracidade.

7º) A persoa instrutora da denuncia ou reclamación Xiana Iglesias Villaverde, vicepresidenta, tentará, en primeiro lugar, de forma informal, tramitar a denuncia. En caso de que o conflito non se puidese resolver no seo do procedemento informal, farase unha investigación rápida e confidencial no termo de 10 días laborábeis, na que se ouvirá as persoas afectadas e testemuñas que se propoñan e requirirá tanta documentación for precisa, sen prexuízo do disposto en materia de protección de datos de carácter persoal e documentación reservada. As persoas que foren requiridas deberán colaborar coa maior dilixencia posíbel.

En todo caso, garantirase a imparcialidade da súa actuación, polo que en caso de concorrer algún tipo de parentesco por consanguinidade ou afinidade con algunha ou algunhas das persoas afectadas pola investigación, amizade íntima, inimidade manifesta coas persoas afectadas polo procedemento ou interese directo ou indirecto no proceso concreto, deberá absterse de actuar e deberá comunicalo á empresa para que a substitúa. En caso de que, a pesar da existencia destas causas, non se producira a abstención, poderá solicitarse, por calquera das persoas afectadas polo procedemento, a recusación desa persoa.

8º) Durante a tramitación do expediente darase primeiro audiencia á vítima e despois á persoa denunciada. Ambas as partes implicadas poderán ser asistidas e acompañadas por unha persoa da súa confianza, sexa ou non parte da representación legal e/ou sindical das persoas traballadoras, quen deberá gardar sigilo sobre a información á que teña acceso. En cumprimento do

principio de contradición sempre se dará audiencia á parte denunciada.

9º) O procedemento debe ser o máis áxil e eficaz posible e protexer en todo caso a intimidade, confidencialidade e dignidade das persoas afectadas, así como o dereito de contradición da persoa denunciada. Ao longo de todo o procedemento manterase unha estrita confidencialidade e todas as investigacións internas levarán a cabo con tacto, e co debido respecto, tanto á vítima e/ou á persoa denunciante, quen en ningún caso poderán recibir un trato desfavorábel por este motivo, como á persoa denunciada, cuxa culpabilidade non se presumirá. Todas as persoas que interveñan no proceso terán a obriga de confidencialidade e de gardar sxiilo respecto de toda a información á que teñan acceso.

10º) Durante a tramitación do expediente, por proposta da persoa instrutora, o Consello Reitor de Maos adoptará as medidas cautelares necesarias conducentes ao cesamento inmediato da situación de acoso, sen que esas medidas poidan supor un prexuízo permanente e definitivo nas condicións laborais das persoas implicadas. Á marxe doutras medidas cautelares, Consello Reitor de Maos separará a presunta persoa acosadora da presunta vítima.

11º) Finalizada a investigación, a persoa que tramitou o expediente elaborará un informe no que se recollerán os feitos, os testemuños, probas practicadas e/ou obtidas concluíndo se, na súa opinión, hai indicios ou non de acoso, en calquera das súas manifestacións, ou de calquera outro comportamento contrario á liberdade sexual e á integridade moral.

Se da proba practicada se deduce a concorrencia de indicios de acoso, en calquera das súas manifestacións, ou de calquera outro comportamento contrario á liberdade sexual e á integridade moral, nas conclusións da acta, a persoa instrutora instará a empresa para adoptar as medidas sancionadoras oportunas,

podendo mesmo, en caso de ser moi grave, propor o despedimento disciplinario da persoa agresora.

Se da proba practicada non se apreciaren indicios de acoso sexual, acoso por razón de sexo ou outra conduta contraria á liberdade sexual e a integridade moral, a persoa instrutora fará constar na acta que da proba expresamente practicada que non cabe apreciar a concorrencia destas condutas.

Se, aínda non existindo acoso, en calquera destas manifestacións, nin actuación contraria á liberdade sexual e a integridade moral se detectase algunha actuación inadecuada ou comportamento susceptible de ser sancionado, a persoa instrutora instará igualmente ao Consello Reitor de Maos a adoptar as medidas que respecto diso se consideren pertinentes.

12º) Ningunha das actuacións impedirá que as persoas implicadas poidan solicitar cantas actuacións xudiciais, administrativas ou de calquera tipo lles resulten adecuadas.

13º) Cando da denuncia proposta a persoa instrutora apreciase indicios de conduta delitativa, informará da mesma ao Consello Reitor de Maos propondo a adopción inmediata das correspondentes medidas cautelares para separar a vítima da presunta persoa acosadora e o traslado urxente ao Ministerio Fiscal. Á marxe doutras medidas cautelares que puidesen adoptarse, sempre se separará a presunta persoa acosadora da vítima e, en ningún caso, se obrigará a vítima a un cambio de posto, horario ou de localización dentro da empresa.

2.2.2. A resolución do expediente de acoso

O Consello Reitor de Maos, após recibidas as conclusións da persoa instrutora, adoptará as decisións que considere oportunas no prazo de 3 días laborábeis, sendo a única capacitada para decidir ao respecto. A decisión adoptada comunicárase por escrito á vítima, á persoa denunciada e á persoa instrutora.

Do mesmo xeito, a decisión finalmente adoptada no expediente comunicárase tamén á representación legal das persoas traballadoras, se as houber, e á persoa responsable de prevención de riscos laborais. Nesta comunicación, co obxectivo de garantir a confidencialidade, non se darán datos persoais e utilizaranse os códigos numéricos atribuídos a cada unha das partes implicadas no expediente.

Á vista do informe de conclusións elaborado por la persoa instrutora, o Consello Reitor de Maos procederá a:

- a)** archivar as actuacións, levantando acta ao respecto.
- b)** adoptar cantas medidas estime oportunas en función das suxestións realizadas pola comisión instrutora do procedemento. Como exemplo, poden indicarse entre as decisións que pode adoptar a empresa neste sentido, as seguintes:
 - a.** separar fisicamente a presunta persoa agresora da vítima, mediante cambio de posto e/ou quenda ou horario. En ningún caso se obrigará a vítima a un cambio de posto, horario ou de localización dentro da empresa.
 - b.** sen prexuízo do establecido no punto anterior, se procede, e en función dos resultados da investigación, sancionárase a persoa agresora aplicando o cadro de infraccións e sancións previsto no convenio colectivo de aplicación á empresa ou, se for o caso, no artigo 54 do Estatuto dos Traballadores.

Entre as sancións a considerar para aplicar á persoa agresora teranse en conta as seguintes:

- 1.** O traslado, desprazamento, cambio de posto, xornada ou localización.
- 2.** A suspensión de emprego e soldo.
- 3.** A limitación temporal para ascender.
- 4.** O despedimento disciplinario.

No caso de que a sanción á persoa agresora non sexa a extinción do vínculo contractual, o Consello Reitor de Maos manterá un deber activo de vixilancia respecto a esa persoa traballadora cando se reincorpore (se for unha suspensión), ou no seu novo posto de traballo en caso dun cambio de localización. Mais sempre e en todo caso, o cumprimento de erradicar a conduta agresora non finalizará coa simple adopción da medida do cambio de posto ou coa simple suspensión, sendo necesaria a súa posterior vixilancia e control por parte da empresa. O Consello Reitor de Maos adoptará as medidas preventivas necesarias para evitar reiteracións no comportamento ou conduta da persoa agresora, reforzará as accións formativas e de sensibilización e levará a cabo actuacións de protección da seguranza e saúde da vítima, entre outras, as seguintes:

- Avaliación dos riscos psicosociais na empresa con inclusión da violencia sexual como un risco laboral máis.
- Adopción de medidas de vixilancia para protexer a vítima.
- Adopción de medidas para evitar a reincidencia das persoas sancionadas.
- Apoio psicolóxico e social á vítima.
- Modificación das condicións laborais que, previo consentimento da persoa vítima de acoso, se estimen beneficiosas para a súa recuperación.
- Formación ou reciclaxe para a actualización profesional da persoa acosada cando permanecese en IT durante un período de tempo prolongado.
- Realización de novas accións formativas e de sensibilización para a prevención, detección e actuación fronte ás violencias sexuais, o acoso sexual e acoso por razón de sexo, dirixidas a todas as persoas que prestan os seus servizos na empresa.
- Información e formación ás traballadoras dos riscos de sufrir violencia sexual nos seus postos de traballo.

2.2.3. Seguimento

Unha vez pechado o expediente, e nun prazo non superior a trinta días naturais, a persoa encargada de tramitar e investigar a denuncia ou reclamación, Xiana Iglesias Villaverde, estará obrigada a realizar un seguimento sobre os acordos adoptados, é dicir, sobre o seu cumprimento e/ou resultado das medidas adoptadas. Do resultado deste seguimento realizarase o oportuno informe que recollerá a proposta de medidas a adoptar para o suposto de que os feitos causantes do procedemento sigan a producirse e analizarase tamén se se implantaron as medidas preventivas e sancionadoras propostas, no seu caso. Este informe remitirase ao Consello Reitor de Maos co fin de que adopte as medidas necesarias, así como á representación legal das persoas traballadoras, se a houbese, e á persoa responsábel de prevención de riscos laborais, coas cautelas sinaladas no procedemento respecto á confidencialidade dos datos persoais das partes afectadas.

O seguimento realizarase igualmente naquelas situacións nas que, por entender que as condutas puidesen ser constitutivas de delito, a empresa adoptase as correspondentes medidas cautelares e trasladase a denuncia ao Ministerio Fiscal.

3. DURACIÓN, OBRIGATORIEDADE DE CUMPRIMENTO E ENTRADA EN VIGOR

